



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS


Decembro 2016

Santiago de Compostela, 21 de febreiro de 2017

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade do sector servizos. Decembro 2016


- O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de decembro en Galicia un aumento do 4,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos aumenta o 4,4%.
- O Comercio aumenta a súa facturación o 4,2% e os Outros servizos o 3,5%.
- No ano 2016 a cifra de negocios no sector servizos creceu en Galicia un 8,8% e en España un 4,2%.
- O persoal ocupado no sector servizos no mes de decembro aumenta en Galicia un 2,1% e en España un 2,3% respecto ao mesmo mes do ano anterior.
- No ano 2016 a ocupación creceu un 2,1% en Galicia e un 2,4% en España.
- En todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios no mes de decembro. Galicia é a cuarta comunidade con menor crecemento. No conxunto do ano, Galicia é a comunidade con maior incremento.
- En todas as comunidades crece a ocupación. Galicia é a sexta comunidade con menor incremento. No ano 2016, Illes Balears é a comunidade con maior crecemento da ocupación.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de decembro en Galicia un crecemento do 4,0% respecto ao mesmo mes do ano anterior, 7,7 puntos menos que no mes de novembro. O índice para España amosa un aumento do 4,4% respecto ao mes de decembro de 2015, 2,2 puntos inferior ao rexistrado no mes anterior.



O crecemento experimentado pola cifra de negocios débese ao *Comercio*, que aumenta o 4,2% e achega 3,3 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* aumentan a súa facturación o 3,5% e achegan 0,8 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España o tanto o *Comercio* como os *Outros servizos* incrementa a súa cifra de negocios o 4,4%.

O incremento da facturación no *Comercio* en Galicia ven motivado polo *Comercio por xunto*, que aumenta o 5,3% e achega 2,6 puntos á taxa de variación do índice xeral. A nivel nacional, o *Comercio por xunto* rexistra un incremento da súa cifra de negocios do 4,7% e achega 1,7 puntos á taxa de variación do índice xeral. A *Venta e reparación de vehículos* rexistra unha taxa do 0,0% en Galicia fronte ao 10,4% en España.

Os *Outros servizos* aumentan a cifra de negocios en Galicia o 3,5%. As *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, cun incremento do 15,6%, son o sector con maior repercusión no índice xeral, 0,4 puntos; as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* son o único sector con taxa negativa, -0,2%.

En España, os *Outros servizos* aumentan o 4,4%. O *Transporte* o sector que máis repercute no índice xeral, catro décimas.

No ano 2016, a cifra de negocios aumenta un 8,8% en Galicia, grazas principalmente ao *Comercio por xunto*, que cun aumento do 14,6% achega 6,9 puntos á taxa de variación acumulada. Soamente as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen a súa cifra de negocios, -0,5%.

En España, a cifra de negocios aumenta o 4,2%, 4,6 puntos menos que en Galicia. Todos os sectores amosan taxas de variación acumuladas positivas; a *Venta e reparación de vehículos de motor* e o *Comercio por xunto* son os sectores que mais repercuten neste crecemento.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice aumenta o 3,9% no mes de decembro. Este incremento débese principalmente ao *Comercio* que aumenta o 4,1% e achega 1,8 puntos á taxa de variación do índice xeral. Os *Outros Servizos* aumentan o 3,7%, sendo as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (14,3%) e a Hostalería (4,2%) as que máis repercuten neste crecemento, 0,9 puntos cada unha; as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* (-0,7%) son as únicas con taxas negativas.


No ano 2016, o índice xeral creceu un 7,1%, sendo o *Comercio*, cun incremento do 9,6%, o que máis repercute neste crecemento, 4,3 puntos. Pola contra, as *Actividades profesionais, científicas e técnicas* diminúen o 1,1% e restan 0,1 puntos á taxa xeral.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios aumenta o 6,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 5,6%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de decembro en todas as comunidades autónomas aumenta a cifra de negocios. Os maiores aumentos danse en Illes Balears (9,0%) e Extremadura (8,2%). As comunidades con menores incrementos son Andalucía (2,9%), Cataluña (3,4%) e Comunitat Valenciana (3,8%).

No ano 2016, Galicia é a comunidade con maior crecemento, 8,8%, seguida de Illes Balears (7,9%) e La Rioja (7,1%). Os menores crecementos rexístranse en Castilla y León (2,2%) e Asturias (2,8%).

Índices de cifra de negocios. Decembro 2016


Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado

2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado aumenta en Galicia un 2,1% respecto ao mes de decembro de 2015, 0,2 puntos menos que en España (2,3%).



O persoal ocupado aumenta un 1,9% no *Comercio* e un 2,2% nos *Outros servizos*. As *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (4,8%) son o sector con maior repercusión no índice xeral, 0,6 puntos. As *Actividades profesionais, científicas e técnicas* son o único sector onde diminúe a ocupación, -1,1%.

En España, as *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (3,7%) son as que máis repercuten no crecemento do emprego, 0,5 puntos.

No conxunto do ano, o emprego crece en Galicia o 2,1% fronte ao 2,4% en España. Todos os sectores incrementan a ocupación en Galicia agás as *Actividades profesionais, científicas e técnicas*, -0,5%. As *Actividades administrativas e servizos auxiliares* son o sector con maior crecemento tanto en Galicia (5,2%) como en España (4,1%).


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

Todas as comunidades autónomas aumentan o emprego no sector servizos no mes de decembro. O maior incremento dáse en e Illes Balears (5,4%) e Murcia (5,0%). Castilla – La Mancha (1,1%) e Andalucía (1,4%) son as comunidades onde menos crece ocupación.

No conxunto do ano, Illes Balears (4,1%) rexistra o maior incremento do emprego, mentres que Asturias (0,9%) é a comunidade con menor crecemento.

Índices de persoal ocupado. Decembro 2016

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal y traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Decembro 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	MEDIA ANO 2016
Galicia			
Xeral	124,6	4,0	8,8
Comercio	130,4	4,2	10,2
Venta e reparación de vehículos de motor	103,5	0,0	5,6
Comercio por xunto	139,5	5,3	14,6
Comercio ao retallo	121,1	2,9	2,2
Outros servizos	105,3	3,5	4,6
Transporte	108,4	1,3	2,0
Hostalería	95,2	4,2	8,6
Información e comunicacións	99,9	3,0	4,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	103,9	-0,2	-0,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	130,0	15,6	13,1
España			
Xeral	113,3	4,4	4,2
Comercio	114,9	4,4	3,9
Venta e reparación de vehículos de motor	116,3	10,4	11,8
Comercio por xunto	113,5	4,7	3,5
Comercio ao retallo	116,3	2,3	2,1
Outros servizos	110,3	4,4	4,8
Transporte	109,6	4,2	2,3
Hostalería	101,3	6,1	6,8
Información e comunicacións	109,9	3,4	4,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	127,8	3,8	6,4
Actividades administrativas e servizos auxiliares	100,1	5,9	5,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Decembro 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	MEDIA ANO 2016
Galicia			
Xeral	113,1	3,9	7,1
Comercio	125,1	4,1	9,6
Transporte	113,2	1,6	2,9
Hostalería	95,5	4,2	8,6
Información e comunicacións	94,8	2,0	4,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	113,1	-0,7	-1,1
Actividades administrativas e servizos auxiliares	123,4	14,3	10,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Decembro 2016**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	MEDIA AÑO 2016
ESPAÑA	113,3	4,4	4,2
Andalucía	110,4	2,9	3,1
Aragón	115,7	5,1	3,5
Asturias	108,3	5,7	2,8
Baleares, Illes	95,9	9,0	7,9
Canarias	123,7	6,8	5,7
Cantabria	110,0	4,6	6,3
Castilla y León	111,5	4,8	2,2
Castilla-La Mancha	108,6	5,6	4,6
Cataluña	114,3	3,4	3,2
Comunitat Valenciana	115,1	3,8	4,5
Extremadura	114,0	8,2	5,9
GALICIA	124,6	4,0	8,8
Madrid	112,1	4,4	4,0
Murcia	115,3	4,6	4,8
Navarra	107,3	6,0	4,1
País Vasco	115,2	6,9	4,6
Rioja, La	118,1	4,6	7,1

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Decembro 2016

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	MEDIA ANO 2016
Galicia			
Xeral	98,0	2,1	2,1
Comercio	95,5	1,9	1,7
Venta e reparación de vehículos de motor	84,0	0,4	0,4
Comercio por xunto	90,9	2,6	3,1
Comercio ao retalho	100,5	1,8	1,3
Outros servizos	100,0	2,2	2,4
Transporte	98,8	2,2	1,1
Hostalería	92,3	2,3	3,1
Información e comunicacións	87,0	1,7	2,3
Actividades profesionais, científicas e técnicas	98,4	-1,1	-0,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	116,8	4,8	5,2
España			
Xeral	101,1	2,3	2,4
Comercio	100,9	2,0	2,1
Venta e reparación de vehículos de motor	91,5	2,2	2,2
Comercio por xunto	104,3	2,3	2,6
Comercio ao retalho	100,4	1,8	1,7
Outros servizos	101,2	2,6	2,6
Transporte	99,0	2,4	1,8
Hostalería	98,4	2,3	2,9
Información e comunicacións	98,3	1,7	1,6
Actividades profesionais, científicas e técnicas	98,9	2,0	1,7
Actividades administrativas e servizos auxiliares	109,6	3,7	4,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Decembro 2016**

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	MEDIA ANO 2016
ESPAÑA	101,1	2,3	2,4
Andalucía	98,6	1,4	1,5
Aragón	99,6	2,9	3,3
Asturias	94,3	1,5	0,9
Baleares, Illes	92,3	5,4	4,1
Canarias	106,0	4,3	3,5
Cantabria	99,9	2,5	2,9
Castilla y León	97,0	1,5	1,6
Castilla-La Mancha	99,5	1,1	1,9
Cataluña	104,6	2,1	3,1
Comunitat Valenciana	103,9	2,5	2,4
Extremadura	102,0	3,8	2,6
GALICIA	98,0	2,1	2,1
Madrid	99,3	2,2	2,0
Murcia	107,8	5,0	3,4
Navarra	105,0	3,7	3,6
País Vasco	103,2	2,0	1,9
Rioja, La	106,2	3,0	3,1

Fonte: INE